



COMEZAN AS ACTIVIDADES DE IOGA E TAEKWONDO NO PAVILLÓN DE DEPORTES DE NIGRÁN

Nigrán, 15/02/16.- Comezan as actividades de ioga e taekwondo no pavillón de deportes municipal de Nigrán entre esta e a vindeira semana. Ioga empezará mañá e as clases desenvolveranse os martes e xoves en dous grupos, de 17.00 a 18.00 horas e de 18.00 a 19.00 horas. Pola súa banda, taekwondo iniciará o 22 de febreiro e levarase a cabo os luns e mércores en tres horarios, de 17.00 a 18.00, de 18.00 a 19.00 e de 19.00 a 20.00 horas. Ambas actividades teñen as prazas completas. Aerobic finalmente non se realizará ao quedar deserta a praza de monitor convocada para esta especialidade. Ao proceso de selección presentáronse dúas persoas pero ambas renunciaron á vacante por incompatibilidade de horarios.